

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 17 DE MARZO DE 2009

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/614/2008.- María Teresa Nieves Munín.- Vivenda unifamiliar no lugar de Piñeiro – O Eixo.

Lic/1712/2008.- Alvaro Feas Batallán.- Vivenda unifamiliar no lugar de Portela de Vilvestro.

Lic/2186/2008.- Javier Garea Barreiro.- Legalización do espazo do baixo cuberta da vivenda existente en Rúa Travesa.

Lap/395/2006.- José Luís Gómez Pereira.- Construcción e apertura de nave destinada á fabricación, venta e manipulación de artigos de madeira, oficinas e garaxes no Polígono de Boisaca Parcela B7 SUNP 34.

Lic/866/2008.- Baltasar Otero Rodríguez.- Nova edificación de tres vivendas, garaxes e trasteiros entre medianeiras na rúa da Queimada s/n.

Lic/680/2007.- Entidade Soherma Santiago S. L.- Edificio de garaxes, trasteiros, 34 vivendas e 21 oficinas na parcela M-14.2 do SUP-6 de Santa Marta.

DENEGADAS.-

Lic/8/2008.- Carmen Bargo Iglesias.- Vivenda unifamiliar no lugar de A Pena nº 2.

Lic/1713/2008.- María Luisa Santalices Fernández.- Reforma de cuberta e elevación de fachadas da vivenda existente en rúa Tabaniscas (das) nº 15.

PRORROGAS.-

Lic/396/2009.- Juan Carlos Gómez Louzao.- Ampliación e reforma dunha vivenda unifamiliar en Travesía do Viso nº 2

Lic/1205/2008.- Agustín Cutrín Gamas.- Legalización dun muro, dunha bodega soterrada, rehabilitación de alpendre existente e porta de acceso a finca situada no lugar de Vixoi, 14.

Lic/435/2009.- Eladio Méndez Casal.- Construcción de galpón anexo á vivenda unifamiliar situada na rúa da Mira nº 33.

Lic/397/2009.- Ramón Blanco Lobeto.- Reforma e ampliación de anexo a unha vivenda unifamiliar no lugar de Carballal nº 60.

CAMBIO DE USO.-

Lic/1201/2003.- Jesús Vizcaíno Brañas e María Angeles Vizcaino Brañas.- Cambio de uso da edificación sita na Avda. de Lugo nº 87 – 89 de vivendas a oficinas. (+)

AUTORIZACION AUTONOMICA EN SOLO RÚSTICO, PREVIA Á CONCESIÓN DA LICENZA.-

Lic/26/2009 e Lap/8/2009.- Hermanos Peleteiro Ramos, S. L.- Residencia de Estudiantes Colexio Manuel Peleteiro en Monte Redondo – O Eixo – Marrozos.

CORRECCION DE ERRO NA LICENZA CONCEDIDA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 26 DE ABRIL DE 2.004.

Lic/443/2003.- José Manuel Rodríguez Míguez.- Parcelación de finca nº 1086 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de Sabugueira, Labacolla.

DEVOLUCIONS DE FIANZAS.-

Lic/452/2009.- Julio Rey y Otros, S. L.- Expte. 1162/05 24.000 €.-

EXECUTAR O AVAL DEPOSITADO POLA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLIGONO UNICO DE SAR, representada polo seu presidente D. Rafael Ferreiro Lodeiro, en garantía do remate das obras de urbanización do ámbito e cuxa cuantía ascende a 29.816,45 € (4.961.040 pts).

APERTURAS.-

Lap/168/2008.- Pedro Roca Romalde.- Apertura de restaurante na rúa Domingo García Sabel nº 1 – Baixo.

OCIHR

LICENZAS

**APERTURAS
FAVORABLES**

LAP/246/2008 – CARRIS HOTELES.- Licenza de obra e apertura de hotel na rúa da Acibechería, 14.

5.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas por un importe de 7.345 euros.

6.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao nomeamento dun representante municipal para a comisión de escolarización 2009-2010.

Noméase como representante do Concello na devandita comisión á concelleira de Educación, Guadalupe Rodríguez.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Sanidade e Consumo relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Consumo e o Concello para o proxecto de desenvolvemento e mellora dos servizos municipais de atención ao cidadán en materia de consumo.

Apróbase a subscrición do devandito convenio que implica unha achega económica por parte do Instituto Galego de consumo ao Concello de 30.000 euros.

8 a 25.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto do lixo, no imposto sobre actividades económicas e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédense os devanditos beneficios.

26.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á solicitude de cesión ao BANTEGAL da masa común número 2462 da concentración parcelaria de Sabugueira-Carballal.

Solicítase ao BANTEGAL a cesión gratuíta a favor do Concello de Santiago da titularidade da masa común número 2462 da concentración parcelaria de Sabugueira Carballal para que sexa destinada a equipamentos ou actividades de interese xeral acordes coa súa natureza urbanística.

27.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á solicitude de cesión ao BANTEGAL da masa común número 1427 e 1428 da concentración parcelaria de Sabugueira-Carballal.

Solicítase ao BANTEGAL a cesión gratuíta a favor do Concello de Santiago da titularidade das masas comúns número 1427 e 1428 da concentración parcelaria de Sabugueira Carballal para que sexan destinadas á utilización colectiva dos veciños do lugar para a celebración de romarías, festas ou actividades de uso público.

28.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao aboamento dun incentivo por xubilación anticipada.

Apróbase o aboamento do incentivo por xubilación anticipada a un funcionario do corpo da Policía Local.

29.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do orzamento e programa da IX CAMPAÑA DE ANIMACIÓN Á LECTURA.

Apróbase o programa e un orzamento de 23.221,12 euros.

30.- Proposta das concelleiras delegadas de Educación e Medio Ambiente relativa á aprobación da CAMPAÑA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL NOS CENTROS DE ENSINO DURANTE 2009, e adxudicación da contratación do servizo.

Adxudícase o desenvolvemento dos traballos á asociación ADEGA por importe total de 9.209,96 euros.

31.- Proposta da concelleira delegada de Reforma Administrativa relativa á actualización do importe por beneficiario do contrato de asistencia sanitaria para o persoal funcionario do Concello para 2009.

Actualízase o prezo do contrato subscrito con LA UNIÓN MADRILEÑA DE SEGUROS, SA conforme á variación experimentada polo IPC de seguros médicos quedando fixado en 290.800,32 euros.

32.- Revisión de prezos do contrato para a xestión do servizo de recollida de residuos urbanos e limpeza viaria.

Apróbase a revisión de prezos do referido contrato aplicando o IPC correspondente establecéndose un canon anual para 2009 de 7.511.894,64 euros.

33.- Adxudicación provisional do servizo de conservación e mantemento do parque de Salgueiriños.

Adxudícase provisionalmente o servizo á empresa INTEGRO DE XARDINERÍA E MEDIO AMBIENTE, SL, por un importe de 70.572,86 máis IVE.

34.- Adxudicación provisional das obras de remodelación da zona norte do parque de Salgueiriños (FIL).

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa CESPAS, SA, por importe de 185.675, 28 euros máis IVE e un prazo de execución de 81 días. Para a execución desta obra ocuparanse un total de 13 persoas.

35.- Adxudicación provisional das obras de creación da área de xogos infantís no parque de San Lázaro (FIL).

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa HPC IBÉRICA, SA, por importe de 88.864, 50 euros máis IVE e un prazo de execución de 81 días. Para a execución desta obra ocuparanse un total de 4 persoas.

36.- Adxudicación provisional das obras de acondicionamento de parcela para área recreativa en Vidán (FIL).

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, SL, por importe de 86.153, 68 euros máis IVE e un prazo de execución de 81 días. Para a execución desta obra ocuparanse un total de 5 persoas.